

BASES DO SORTEO “MES DO LIBRO EN AMES” 2021

1. Poderán participar todas aquelas persoas que realicen compras de libros nas librarías participantes durante o período comprendido entre o 1 e o 24 de abril de 2021.
2. As librarías participantes son as seguintes:
 - No Milladoiro (2): Papelería O Tinteiro, Librería Papelería Nenos e Nais
 - En Bertamiráns (3): Librería Lenda, Librería Máinomen, Librería Huargo Artis
3. **Por cada compra de libros**, o establecemento entregará unha papeleta na que a persoa compradora anotará os seus datos persoais e de contacto (nome, apelidos, DNI, email e teléfono) e depositará nunha urna situada na librería.
4. Non serán válidas as papeletas que non inclúan o **nome e apelidos completos** e algunha **forma de contacto** (teléfono e/ou email).
5. A biblioteca sorteará **oito premios de 25€** por cada unha das librarías participantes, para canxear no mesmo establecemento ata o 8 de maio.
6. Cada participante só poderá recibir un único premio. En caso de que a mesma persoa resulte agraciada no sorteo, máis dunha vez, non será válido e volverase repetir o sorteo para escoller unha nova persoa premiada.
7. Non poderá participar no sorteo nin o persoal das bibliotecas nin o dos establecementos participantes.
8. O 26 de abril recolleranse as urnas de cada unha das librarías participantes.
9. O 27 de abril realizarase sorteo público nas bibliotecas, do Milladoiro e de Bertamiráns, ás 12.00h.
10. Entre os días 27 de abril e 7 de maio desde o servizo de Bibliotecas poñeranse en contacto coas persoas gañadoras para entregarlle o vale pola cantidade premiada.
11. As persoas premiadas deberán canxear o vale por libros, no mesmo establecemento no que depositaron a papeleta, ata o 8 de maio.
12. A participación no sorteo implica a aceptación das normas recollidas nestas bases.
13. Así mesmo, a acreditación do cumprimento da situación de estar ao corrente de obrigacións por reintegro practícarase a través dunha declaración responsable, declaración que tamén substituirá ás certificacións do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social de acordo co artigo 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

